

A coñecida praia de Lapamán, no límite nordeste do Concello, destaca pola súa area branca e fina e por ser habitual zona de aterraxe dos parapentes que se elevan desde a Área Recreativa de Chans. Achegándonos ao centro da vila esténdense as praias de Portomaior e Agrelo, perfectas para longos paseos en calquera momento do día. Como valor engadido, en Agrelo dispoñemos dun didáctico Centro de Interpretación para afondar nos recursos naturais e patrimoniais do Concello. No casco urbano temos as praias de Pescadoira e da Banda do Río, unidas por un paseo marítimo que percorre o porto pesqueiro e deportivo. Esenciais durante o século XVIII no crecemento industrial da vila coas fábricas de salgadura e conserva, aínda resiste o estaleiro de Purro, carpintaría de ribeira que durante xeracións construíu e reparou artesanalmente as diversas embarcacións empregadas polos mariñeiros da contorna. Afastándonos cara o noroeste temos as abrigadas praias de Beluso e da Roiba, nun entorno tranquilo de casas mariñeiras onde fondean embarcacións tradicionais con aquelas máis

modernas. No areal de Mourisca, a carón da praia de Tuia, e inmersa dentro da Rede Natura 2000, levántase unha das factorías de salgadura mellor conservadas de todo o litoral galego, xoia do pasado industrial de Bueu e a única en pé da cerca da trintena que existiron no Concello. A súa proximidade invita a pasear polo Cabo Udra, de excepcional importancia comunitaria non só a nivel ecolóxico senón tamén histórico e etnográfico cos seus chouzos de pastores e os barracóns da batería J-2, base militar construída a comezos da Guerra Civil. Aquí temos a Aula da Natureza, espazo de interpretación natural recoñecido polo seu labor educativo nos sistemas litorais e biolóxicos do entorno. Deixando atrás a pequena praia de Ankoradouro chegamos por medio dun sendeiro litoral ás praias de Lagos e Area de Bon. Lagos, nun fantástico entorno natural e protexida por pequenos illotes, destaca por ser unha das máis espectaculares pola forza coa que bate o mar en días ventosos. En Area de Bon, de augas máis tranquilas e area torrada e fina, os piñeiros case tocan o mar.



■ Liña de costa desde Cabo Udra



■ Praia de Lapamán



■ Praia de Beluso



■ Praia da Pescadoira



■ Praia de Tuia



■ Praia de Lagos



■ Praia de Area de Bon



■ Praia de Portomaior

Así mesmo, a illa de Ons é un enclave paisaxístico de moi recomendable visita dentro do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Presenta un marcado contraste entre a metade oeste, con furnas e covas mariñas, e a metade leste máis repousada. Entre os seus areais destacan a praia de Melide, algo afastada pero considerada a máis fermosa e de recoñecido uso naturista; a praia de Area dos Cans, a máis visitada polo seu fácil acceso e onde a baixamar descubre a Laxe do Crego, sepultura antropomorfa escavada na rocha; e a praia de Canexol, na que se esconden restos de dúas factorías de salgadura romana.



■ Praia de Melide, na Illa de Ons

Na beira sur da ría de Pontevedra, o Concello de Bueu conta cunha ampla oferta de espazos naturais e centros de interpretación que permiten coñecer e afondar no seu

acentuado carácter mariñeiro ademais de variadas praias e recollidas calas que revelan un perfecta imaxe da sinuosa costa galega inherente ás Rías Baixas.



Contacto:

📍 Eduardo Vicenti, 8,
36930 Bueu
Pontevedra

☎ 986 39 00 29

✉ concello@concellodebueu.gal



www.concellodebueu.gal



**PRAIAS
E ESPAZOS NATURAIS
DO CONCELLO DE BUEU**



